


¿A QUE ESPERAS?
AQUÍ XA TODOS
FALAMOS GALEGO



Colaboraron neste número:

Daniel García, Beatriz Martínez, M^a Luisa Piñeiro, Noemí Lorenzo, Daniel Castro, Bruno Freijomil, Verónica Fernández Varela, Noel Blanco, Isabel Mesías, Clara Prego, Santiago Malvárez, Iria Pérez, Lucía Abad, Carmen Ríos, Cristina Pazos, Gloria Hevia, David Fernández, Elena Brozos, Nazario Lledó, Iria Rodríguez, Alfredo Pena, Juan Carlos Fernández, Xosé Luis Mosquera, Concha Hernández, Félix Retuerto, Anxos García e Pilar García.

Cartafol da Lingua

IES MUGARDOS

BOLETÍN DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA Nº 3



Benvidos amigos, de novo un ano máis aquí no instituto de Mugardos.

Como ben sabedes somos o equipo de normalización lingüística que intenta fomenta-lo uso do Galego coa axuda e a colaboración de tódolos alumnos e alumnas que así o desexen.

Este ano o equipo xa é moito máis grande e esperamos que o novo traballo sexa escollido de bo grao por todos vós, pois os do equipo intentamos facer un boletín que ademais de educativo sexa divertido e sirva para distracción daqueles ós que lles interese divertirse un pouco lendo e disfrutando das nosas creacións, pois este ano ó se-lo 2ºano de produción temos novos apartados que poden ser de grande interese para vós. Engadimos á revista un consultorio sentimental, que intentará solucionar ou aconsella-lo mellor posible aqueles problemas "amorosos" que vos traen de cabeza e non vos deixen durmir; así como tamén atenderemos as vosas queixas sobre todo o referido ó centro (profesorado, instalacóns, funcionamento do centro...) tamén engadiremos un simpático horóscopo que visualizará o voso futuro dende o lado positivo da vida.

Pois ben isto só é unha pequena introducción do que tratará o noso boletín trimestral; e como xa me queda todo dito e non quero ser pesada, para rematar invito a todos aqueles que queiran unirse e axudarnos a crear unha revista puramente galega e animada como a que más.

Clara Prego

O REPORTERO LINGÜESTERO



¿E TI QUE OPINAS?



Mugardos ofrecía aquela mañá un día demasiado frío, tendo en conta as datas nas que nos atopabamos. O Equipo de Normalización Lingüística emprendía unha nova viaxe, na que se ía recoñecer o traballo realizado polo grupo de teatro o curso pasado.

Esta vez non había moitos nervios. O feito, feito estaba. Todos tiñan a ilusión de poder traer algún premio á volta. O motivo da súa viaxe non era outro ca unha entrega de premios a diferentes grupos de teatro de toda Galicia, entre os que se atopaba o noso Grupo de teatro do Equipo de Normalización.

Despois dunhas horas de viaxe, chegaron á imponente cidade das murallas romanas: LUGO. Deron un pequeno paseo para estira-las pernas e a continuación o grupo dirixiuse ó Museo Provincial de Lugo, onde se deleitaron admirando numerosas exposicións que alí se atopaban: escultura, pintura, orfebrería...

Debido ó estrés ó que estaban sometidos os membros do grupo, decidiron ir visita-lo balneario, por se algunha vez necesitaban dos seus sevivios. Dentro do balneario chamoulles a atención a cantidade de corredores estreitos e escuros polos que había que pasar.

Así pasou a mañá e xa era hora de repoñer forzas cun bo xantar, a continuación deron un paseo por toda a cidade.

E o momento chegou. Na gala entregáronlle un premio de participación e todos voltaron felices para a casa. Non era un gran premio, pero foi o primeiro que conseguiron nunha exitosa carreira artística que só acaba de empezar.

ÁNIMO RAPACES, POR ALGO SE EMPEZA

VANESA VARELA



UNHA ESMOLA, POR FAVOR...

Un día soñei que chegaría alto; un día soñei que sería algo na vida; un día soñei...

Pero hoxe miro a realidade e decátome que tódolos meus soños vense freados por unha raza inhumana: os profesores. Eles fanme ter pesadelos, non me deixan dormir e apenas soñar. ¡Alá foron os meus soños!. Alá foron, perdérónse nun instituto cheo de mal leite.

¿E que ningúen me vai axudar? Non quero volver a empezar. E de seguro, por non aplicar un "pouquín" de humanidade, quedarei con unha ou dúas asignaturas pendentes por aí bailando, porque ningún me axuda.

Ninguén nos axuda. Todos "pasan", ódiannos. Se nos odian, poderían deixarnos marchar, ¡pero non!, non queren. Queren que suframos como víctimas da educación, vítimas do seu propio sistema. E nós, inocentes, pedimos un pouco de solidariedade; non podemos facer máis; botádenos unha man, por favor. Só necesitamos un pequeno empurrón.

¡Maldita sexa a hora na que inventaron C.O.U.! ¡Malditos os que dixeron que facía falta o SELECTIVO para comeza-lo noso futuro! ¡Malditos sexan os profesores cheos de maldade!

ISA

ESTRÉS ÓS DEZASETE

¿É normal que nos sintamos estresados á nosa idade?. ¿Por que nos agobian en tódalas clases coa palabra SELECTIVIDADE?. ¿É lóxico o excesivo traballo en C.O.U.?

Estas preguntas pásannos tódolos días pola cabeza. Ainda non transcorreu un só día sen que nos repitan dúas ou tres veces a palabra más temida SELECTIVIDADE. Isto fainos coller pavor, non só a esa proba, senón a non chegar a ela, a suspende-lo último curso, a quedar outro ano en C.O.U. Os exames, non son excesivos, todo o contrario, facemos un só por avaliación, co cal ó final temos moiísimos exames e moita más materia, con moi poucos días para estudiala. Din que hai que leva-las cousas ó día, pero ainda así é case imposible aprobar: queren que estudemos ó día, pero tampouco escatiman en exercicios para a casa, ¡vaiá pila de traballo!. Se non es un chapón, ou non tes moita sorte, só che queda un recurso: facelo en varios anos.

Así é que nos sentimos agobiados, soportamos unha gran presión: a dos nosos pais, a dos profesores e chega un punto no que xa nos estudiamos polo noso ben, senón para satisfacer ós demás e intentar evitar esa sensación de asfixia. Para concentrarnos e estudiar atiborrámonos de tilas ou cafés, pasamos moitas noites en vela. ¿É xusto?, ¿É humano?. Non sei as respuestas a estas cuestións e gustariame sabelas, o que si sei é que á nosa idade sufrimos estrés e iso non é bo.

CRIS

NOTA IMPORTANTE:

Se queredes opinar sobre un tema que vos traía de cabeza: funcionamento do centro, oferta cultural, actividades do alumnado, traballo do equipo de normalización..., deixádeno-las vosas cartas (co nome e apelidos) no BUZÓN DE NORMALIZACIÓN.

Ó pan, pan, e ó viño, viño

Infelices cibernautas.

Vivimos na era das comunicacións, das novas tecnoloxías, e eu síntome moitas veces un bicho raro, cando penso en que odio os ordenadores, os móbiles, os microondas...

Supón que a alguén que lea isto lle pasa o mesmo ca a mi, espero que si.

De neno quedei totalmente abraiado cando vin por primeira vez un fax, parecíame algo increíble que meteras un papeliño por aquel aparatexo e chegase ó outro lado do mundo por medio dun cable sumamente pequeno. Claro que a sorpresa foi moito maior cando descubrín o internet, eso si que era asombroso.

Pero agora non concibo toda esa chorrada dos "ciber" e todos esos rollos. Vas por Ferrol (ou calquera outra cidade) e ves un "ciber" en cada esquina, onde a xente non cabe dentro e fai cola na porta; ves pandillas de rapaces que se reúnen ali, en vez de ir ó cine ou a dar unha volta por aí. Estes establecementos están abertos sábados e domingos, ata a 1 ou 2 da madrugada, isto é unha esaxeración. Hai nen@s, e non tan nen@s, enganchad@s por completo a esto dos ordenadores. Esta, sinceramente, paréceme unha diversión totalmente absurda, ademais de que se está chegando a un punto en que pode ser ata perigoso.

Por outra banda, penso que todo isto atenta contra as relacións persoais, dentro duns cantos anos en vez de saír a tomar un café cos amigos, tomarémolo na casa mentres falamos con eles por internet. E ademais os que estean casad@s ou teñan moz@ que anden con ollo, porque eu xa coñezo algún caso de relacións extra-matrimoniais pola rede, así que coidadiño, e non vos fiedes nin do voso ordenador.

David Fernández



As Aventuras do Loro



FABULOSO PREMIO: UN BOCATA XIGANTE E UNA COCACOLA esperan na cafetería do centro ó gañador deste concurso. Déixanos un sobreciño co nome que propóis para bautiza-lo loro escrito no exterior, e o teu nome e apelidos no seu interior, depositao no interior do BUZÓN DE NORMALIZACIÓN.



1º PLANO

THE BLAIR WITCH PROJECT ou O PROXECTO DA BRUXA DE BLAIR

A sociedade de hoxe parece famenta de historias de terror, de crimes, de sangue e déixase aconsellar moito polo "márketing".

Esta "película" (por chamala dalgunha maneira) foi valorada en E.E.U.U. como unha obra mestra, cousa que non é, na miña modesta opinión.

Tres estudiantes (nunha versión e periodistas na lenda que eles mesmos crearon) van gravar un documental sobre unha bruxa nun bosque, métense en lios e vólvense tolos ata o desenlace final, que teredes que ir ver ó cine, áinda que eu non volo recomendar. Como ben dixo unha das miñas acompañantes: "Estaría mellor poñela en vez dos Documentais da 2 TVE (sen faltar ó respeto dos mesmos).

Gran parte do éxito de taquilla en E.E.U.U., como xa dixen antes, débese ó márketing, porque dubido moito que á xente lle poida chegar a gustar un filme no que unha estudiante, que non ten idea de manexar unha cámara de vídeo, ande dando tumbos por un bosque. Ó final xa estaba mareada de tanto traqueteo e total non vin nada. Esa si que é outra: nunha escena, das moitas iguais, é de noite e os tres compañeiros están na tenda de campaña, de repente escoitan un ruido e poñen a cámara a gravar mirando para fóra: non se ve nada, nin se escoita nada, a pesar de que os tres rapaces aseguran que si. Tanto dá, o caso é que estivemos mirando para unha pantalla en negro, sen escoitar nada, tal e como se estivese apagada, durante cinco longos minutos.

Teño que recoñecer que o final é bastante interesante, o único momento que fai que te metas na película coma se estiveses a ve-lo principio. Nese momento pensei: "Espero que agora comece a parte boa" e encéndense as luces do cine e na pantalla aparecen os créditos.

Pensei que sería eu a única que non soubo contemplar esta "obra mestra", pero toda a sala se levantou dicindo: "¡BOH! PARA ISTO PAGUEI A ENTRADA.

VERÓNICA FERNÁNDEZ VARELA



1º PLANO

Moitos sairán decepcionados, moitos serán os que preferirían, de poder escoller despois, non ter pagado seiscentas pesetas, por ver The Blair Witch Project. Pero esta é sen dúbida unha película que merece ser estudiada detidamente.

Película disidente onde as haxa. Cando o cine tradicional propón argumentos, dramatización e traballo actoral, The Blair Witch Project propón o hiperrealismo formal e actoral (de maneira que todo o que pasa e as reaccións dos intérpretes son case reais e non preestudiadas).

Se tratamos de "codificar" ou clasifica-la película dentro dun xénero atopamos moitos problemas. O cine de terror dividiuse sempre en dous grupos. O primeiro foi o dos directores que trataban de disfraza-las súas ficcións de intrascendencia, pero estes directores realizaban ácidos discursos sobre a equívoca sexualidade humana e a hipocrisia coa que a ocultamos (Terence Fisher), sobre o xénero humano que parece non poder fuxir do seu sino (Jacques Torneur) ou sobre universos barrocos poboados por personaxes nos que a deformidade moral contrasta coa apariencia externa e viceversa (Ted Boulting). Pola contra outros directores posteriores pretenderon crear unha reacción visceral no espectador mediante unha manipulación dos resortes do xénero, estes directores (Romero, Dario Argento...) foron menospreciados moitas veces inxustamente pola crítica que ningunean clásicos modernos como A noite dos mortos viventes ou A noite de Halloween. Ben, pois The Blair Project trata de crea-lo terror en estado puro, evitando a metáfora dos primeiros e a fisicidade dos segundos.

Para consegui-los seus propósitos a película válese dun emprego indiscriminado da cámara subxectiva e dun gran protagonismo dos tempos mortos, onde os protagonistas falan mentres realizan actos cotiáns que tratan de facer que nos identifiquemos cos personaxes.

Pero o seu ton experimental convértese na principal debilidade do filme. A cámara subxectiva e os continuos soliloquios dos personaxes rematan por non interesar e a textura documental está creada por un continuo bamboleo da imaxe que alonxa ó espectador da película.

Aínda así The Blair Witch Project atesoura brillantísimos momentos de terror (como o merecedor dun eloxiosísimo capítulo á parte o clímax final). O pensador Friedrich Nietzsche dixo: "Cando miras ó abismo, o abismo mírate a ti tamén". Probablemente a grandeza desta modesta película consiste en saber transmiti-la xélida mirada do abismo da morte que se burla da súa vítima mentres a cerca, e como ó final caemos nel inexorablemente.

NOEL BLANCO



Ecopáxina

Comenzamos o novo curso e como tal, a ecopáxina empeza o seu labor, como todos sabemos nesta páxina tratamos asuntos relacionados coa natureza e a ecoloxía, e como non, neste primeiro artigo do curso imos falar da nosa queridísima FORESTAL DO ATLANTICO.

Esta fábrica é sen dúbida o máis grande problema ecolóxico desta comarca, xunto co emporcallamento da nosa ría. Esta empresa ó principio ía tratar da limpeza de barcos petroleiros e doutros residuos químicos contaminantes, ademais caracterízase pola elaboración de colas e serve como almacenamento de gasolinas. Como nesta zona os políticos no teñen dous dedos de frente (nun tan só un), tomaron isto como un bon investimento sen contar que non hai estradas axeitadas para soportalo continuo tránsito dos enormes camións, as persoas non teñen por onde pasar, tendo que facer acrobacias e peripecias para poder esquivar os camións sen caer nas cunetas; nun é o lugar apropriado para esta fábrica, pero os postos de traballo son o caramelito da zona, e así todos tan contentos.

No campo ecolóxico, a forestal afirma que non contamina e que teñen tódalas medidas anticontaminantes necesarias, pero existen denuncias por vertidos e todas caen en saco roto, non hai noticias nos xornais.

Nós pensamos que o que din eles non é así, informámonos da existencia de verquidos non controlados pola noite tanto nas aguas da ría coma na atmósfera, coa posibilidade de que sexan contaminantes.

Os primeiros poderían causar danos na ría ferrolá, e os seres vivos que nela habitan (os pescados e mariscos que comemos) poderían estar contaminados. Non sería a primeira vez que pasa algo semellante, nos anos sesenta nuha cidade do Xapón morreron varios centos de persoas por comer peixe contaminado con mercurio procedente das industrias do arredores. Se non hai control como parece, quen nos di que non poida pasar algo semellante na nosa ría.

Para traer-la gasolina, é necesario construír un porto cercano á Forestal, así que teñen que aumenta-la profundidade da ría nesa zona e por iso uns barcos fan un ruido atronador, algúns describenlo como un GRUMMM, otros como PLOM.....PLOM....PLOM e os máis observadores como un CHIQUI BUM BUM...CHIQUI BUM BUM (unha réplica da nova canción de Ricky Martin), outros simplemente como o ensordecedor ruido que non lles deixa durmir.

Tamén están facendo un desmonte nas terras colindantes para así poder alisalas, e a terra que sobra lévanlla á xente que a quiere para sementar ¡patacas!


Seguro que estabades a esperar este momento. ¿Como describir o pestilente fedor que trae a cola e os productos derivados da gasolina? Eu diría que é una mestura entre merda de can e un vertedeio putrefacto

En resumo a Forestal do Atlántico é:

Una ensordecadora e pestilenta fábrica que almacena produtos tóxicos, inflamables e perigosos.

Isto é todo.....vata a próxima!

Santiago Malvárez
Daniel Castro



ARIES: Coidado cos moscóns que rodean ó teu mozo/a afinca un pouco máis os cóbados, senón vas acabar mal.



TAURO: ¡Otlo cos cornos! Perigo de naufraxio amoroso, contraposto á túa sorte nos estudos.



XÉMINIS: Controla a túa imaxe, pois estás feito un espantallo. Multiplica por dous as túas ganas de estudiar.



CÁNCER: Nos estudos vas cara atrás e no amor por aí vas.



VIRGO: Electricidade total cunha persoa Acuario, pero pode haber unha descarga de suspensos.



LIBRA: Líbrate dos agobios cos exames porque che van ir moi ben, pero equilibra os resultados da balanza amorosa.



ESCORPIÓN: Non piques á túa parella, sé comprensivo. Emprega o teu xenio nos estudos, ¡ollo con esas chuletas!



SAXITARIO: Loucura de amor, en tódolos sentidos, xa me entedes... Apunta mellor coas túas frechas á diana dos estudos e darás no pleno.



CAPRICORNIO: Non lle deas tantas voltas á cabeza, porque a ti si que che vai saír todo ben.



ACUARIO: Rega máis os froitos do teu amor, xa que os tes un pouco descoidados, mentres a árbore dos estudos xa che está a florecer.



PISCIS: Por fin pescara-lo amor que tanto desexas, pero o lastre dos estudos afundirse no mar.

IRIA PÉREZ, CLARA PREGO, MOEMÍ LORENZO, VERÓNICA FERNÁNDEZ, LUISA PIÑEIRO.

Consultorio@normalizacion.es

¿Tes algún problema sentimental? Veste obrigado/a a tomar unha decisión moi importante na túa vida e non sabes que facer? Cóntalo ao teu problema e envianolo a dirección: consultorio@normalizacion.es (xa sabes, no buzón de normalización ó lado da cafetería).



escritores noveis



Eloxo da paradoxa

1- Un home chega á súa casa, ata uns zapatos relucientes, tenta no burato exacto do cinto, abotóase a camisa ata riba, axústase o chaleco, comproba as ombreiras e o talle da chaqueta recén planchada, o peiteado impecable, o olor a fragancia... e o home que colle o mando a distancia e sétase no sofá diante do televisor, perfectamente acomodado. Despois os rótulos, un eslogan rechamante, esas cousas da tele... Sí, é un anuncio (seguro que o vistes, alomenos coa inconsciencia coa que case sempre mirámola tele), un anuncio que, como tantos outros, bota man dunha paradoxa para suxerir algo, neste caso o contraste entre saír da casa (supónse que arranxado) e quedarse na casa (pero igual de arranxado), de xeito que asociamos a comodidade da casa cunha marca de roupa... Ben, é un simple anuncio, pero que xoga coa sorpresa que se agacha no revés das cousas, as posibilidades que se abren cando miramos pola parte de atrás, *xusto no revés*.

2- ¿Sabedes quen é Alicia? Unha nena inventada polo matemático Lewis Carroll. Unha nena que atopou a porta para pasar “*o outro lado do espello*”, e entrar nun país que descoloca a nosa confianza no sentido común. “*O país das marabillas*”, no que todos están, ou parecen estar tolos.

-*Pero eu non quero ver ningún tolo!* –observou Alicia.

-*Iso non podes evitalo* –contestou o Gato–. Aquí estamos todos tolos. Eu estou tolo. Ti estás tola.

-*E como sabe vostede que eu estou tola?* –preguntou Alicia.

-*Se non estiveras tola, non terías vido aquí* –respondeu o Gato.

Alicia: unha nena na que ainxuidade non se pode distinguir da malicia...

3- Outro escritor, Jorge Luis Borges, fálanos de “*o xardín de carreiros que se bifurcan*”. De principio imaxinámonos nun labirinto, unha rede de camiños na que hai que atopa-la saída (¡triste Minotauro...!). Pero o certo é que non se trata do espacío, senón do tempo. “*Fang ten un segredo; un descoñecido chama á súa porta; Fang resolve matalo. Naturalmente, hai varios desenlaces posíbeis: Fang pode matar ó intruso, o intruso pode matar a Fang, ambos dous poden salvase, ou poden morrer, etcétera*”. O labirinto do tempo: o que pudo ter sido, e o que ainda pode ser, que se pegan ás cousas como se fosen o seu dobre no espello (*o outro lado do espello?*), un dobre das cousas que pasan de verdade.

4- Hai bifurcacións que non te deixan en paz de ningunha maneira, atópalas e non poden deixarte en paz. Esixen toma-las dúas alternativas: non estar nun lugar nin outro, senón nos dous á vez (*Onda ou partícula?*)

5- Paradoxas, que non están só nos libros senón no mundo, entre as cousas. A más elemental –a paradoxa lóxica por excelencia– a chamada “paradoxa do mentiroso”: “*Esta oración é falsa*” é unha oración que, se é verdadeira, entón ten que ser falsa;

escritores noveis



e, se é falsa, entón ten que ser verdadeira (e entón ten que ser falsa...) ¿A solución? Tentado de dicir “na clase de filosofía” se eu mesmo non desconfiara... Porque sempre hai unha interrogación más alá de calquera resposta. Ó final, sempre o signo que abre posibilidades.

6- Preguntar é abrir posibilidades. E preguntarse: abrirse por dentro, practicar nun mesmo “carreiros que se bifurcan”. Non estar nun lugar nin outro, senón “*nos dous á vez*”.

7- Algo así pasa no cine. O espectador ten que completar e reconstruir na súa cabeza unha historia da que só se lle dan fragmentos. Como se as imaxes da pantalla levasen consigo outras que non se ven (o seu dobre no espello, como unha imaxe que se bifurca). É o que tecnicamente se chama “*fóra de campo*”: a parte da escena que non sae na pantalla, pero que é suixerida polo que se mostra nela. Gran parte da maxia do cine (do bo cine) reside na forza dos seus “*fóra de campo*”, na necesidade coa que, sen ser vistos, impónense ó espectador. De aí a ausencia de maxia de moitas películas actuais, polo seu apego excesivo ó espectáculo puramente visual. A potencia dos medios (efectos especiais, etc.) inunda a pantalla, e non deixa espazo fóra dela: unha ansia de mostralo todo (a violencia ou a pornografia tan explícitas) que non é capaz de suxerir nada. Que non repará naquelo que non se ve, pero que dalgún xeito non pode deixar de ser visto (a parte de atrás, o revés dos espellos que se bifurcan).


8- Paradoxas que están no mundo, entre as cousas: remedios que envenenan, venenos que curan, amores que matan. Imprevisibilidades (como unha saída pola tanxente, ou un tiro pola culata).

9- “*O máis profundo é a pel*”, dicía Paul Valéry, un poeta. Unha paradoxa, tamén. Que nos di: non vos deixedes enganar polos cantos de sereia das falsas promesas (*¡probe Ulises...!*), buscade preto de vós, no que tedes á man, onde tantas cousas son ainda posíbeis. Demasiadas veces pensamos que vivir é unha tarefa difícil, porque nos importa o que non temos, e non reparamos en que tamén hai que despoxarse das cousas, para que non sexan as cousas as que nos teñen a nós. Desprenderse, soltar amarras e limitarse a sortear obstáculos. Mientras vas evitando, con alegria, os golpes que che saen ó paso.

10- Porque tan certo é que a vida hai que conquistala (o esforzo, sí, todo eso que xa sabedes, ou que tedes que aprender) como que hai que tela a raia e defendese dela. Non deixarse reducir por ela. “*O real é aquelo ó que non hai que ceder*” (dio un filósofo, pero xa non máis nomes). Para iso, para iso está o revés do espello, e as paradoxas, e tódalas cousas que se bifurcan. Para non ser unha cousa a costa doutra senón varias á vez, e acrecentar así a nosa liberdade, ou alomenos a nosa sensación de libertade. Ou tamén, sen máis, para poder sostenerse, e vivir.

Juan Carlos F. Naveiro

Mas Verzas



1.- Publicación diaria de noticias. 2.- Relativo á razón. 3.-Vocal. Ó revés, enfermedade respiratoria moi común. Un. 4.-Contracción ca más a. Artigo feminino singular. Contracción en más as. 5.- Louco. Mascota do Equipo de Normalización Lingüística do I.E.S. Mugardos. 6.- Traba. Vocal. 7.- Reza. Camiña. 8.- Carente de sal. Contracción en más o

A.- Conxunto de uvas. B.- Agora neste intre. Rezo fervorosamente. C.- Ave doméstica. Ti rezas fervorosamente. D.- Coincidencia de sons nas últimas palabras de cada verso na poesía. Cincocentas. Vocal primeira. E.- Eu e más outras. Pelexa. F.- Trasno personaxe pequerrecho dos contos infantís. Consoante repetida. G.- 2ª forma do artigo, singular feminina. Utensilio de labranza. H.- Non rugoso. Primeira letra do abecedario.

ISABEL MESÍAS & ELENA BROZOS

TEST DA AMIZADE

- 1.- Cando tes problemas coas matemáticas e lle pides axuda ó teu amigo/a, obtela?

SI **NON** **ÁS VECES**

- 2.- Cando enfermas, vai visitarte á casa ou interéssase por ti?

SÍ NON ÁS VECES

- 3.- Cando organizas unha festa e necesitas colaboración ¿podes contar coa deixa sen problemas?

SI NON ÁS VECES

- 4.- Aquela tarde na que o teu mozo/a e ti pelexastes ¿estivo do teu lado, apoiándose en todo?

SI **NON** **ÁS VECES**

- 5.- ¿Sénteste cómodo/a ó seu lado e podes falar de todo?
SI NON ÁS VECES

; Se vos gusta o mesmo rapaz/a serias capaz de

- 6.- ¿SC vos gusta o mesmo rapido?
SI NON ÁS VECES
7.- Recordá as túas datas importantes?

SI **NON** **ÁS VECES**

MAIORÍA SI: ¡FELICITACIÓN!, ¡XUNTOS/AS ATA A MORTE!.
SODES OS MELLORES AMIGOS/AS DO MUNDO
MUNDIAL.

MAIORÍA NON: ¡SENTÍMOLO! A VOSA AMIZADE DEIXA MOITO QUE DESEXAR. QUIZAIÉS É MELLOR QUE O DEIXEDES

QUE DESEAS, QUIZAS E NELLOS QUE
MAIORÍA QUIZAS: ¿ESTESES SEGUROS DE QUE VOS
COÑECEDES BEN? TEDES QUE MEDITAR SOBRE A VOSA
RELACIÓN DE AMIZADE, ¡ACERCÁDEVOS MÁIS!

ELENA BROZOS, ISABEL MESÍAS, VERÓNICA FERNÁNDEZ



ADIVIÑA ADIVIÑANZA: ¿EN QUE DOUS PROFESORES SE CONVERTERON ESTAS DÚAS FERMOSAS E DOCES CRIANZAS?



GARGALLADAS



GARGALLADAS

